

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

1. Divide en sílabas as seguintes palabras.

- bolboreta
- broca
- bigote
- prato
- cana
- hipermercado
- verme
- améndoa
- chocolate
- ácaro
- lámpada
- pescador

2. Clasifica estas palabras segundo o número de sílabas.

automóbil novembro té sol clara baza pé carpinteiro
pescozo barba carta hipermercado un bolígrafo bigote

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

3. Di cales destas mensaxes son oracións e por que.

- O bosque verde. _____
- O rañaceos grande é. _____
- Abre a porta. _____
- Le o libro. _____

4. Escribe un pequeno texto sobre a importancia de facer as tarefas da escola nun lugar axeitado.

5. Pon as comas que falten nas seguintes oracións.

- O biscoito leva manteiga fariña ovos e azucre.
- Malena a tenista practica todo os días.
- Alberte o meu tío ten tres gatos un can e tres peixes de cores.
- Para facer o exame necesita bolígrafo lapis e goma.
- Viñeron Xoán Ana Lois Breixo e Lucía a nai de Pedro.

Nome: _____ Curso: __ Data: _____
--

6. Escribe a raia onde sexa necesario. Despois escribe un diálogo entre ti e un amigo.

Hadrián timbra na casa de seu amigo Pedro.

Ola Pedro. Queres vir xogar ao parque?

Vou, pero tamén ten que ir o meu curmán.


Vale, así podemos facer equipo!

7. Refai esta definición da nota. Para que a empregas ti?

A nota é un escrito moi longo que empregamos para confundir, para contar o que nos pasou na festa ou para escribir unha canción.

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

8. Escribe unha nota para avisar a túa nai de algo.



9. Identifica e marca o inicio da narración no seguinte texto.

Clara sentiu un pouco de medo, pero pensou que o mellor era non facer caso, así que, volveu pechar os ollos e, ben abrazada á súa moneca, adormeceu.

Daquela, Pérez, que estivera todo o tempo agochado debaixo do cabezal de Clara, saíu como puido do seu escondedoiro. Estaba aínda medio afogado, pois a nena case o esmaga nunha das voltas que dera na cama mentres el andaba argallando por alí. Aquela nena estáballe dando a noite. «Xusto, xusto hoxe que levo tanta présa», pensou.

Nome: _____ Curso: __ Data: _____
--

10. Escribe un pequeno texto onde resumas o contido do texto do exercicio anterior.

10. Remata a seguinte frase para que poida ser o principio dun conto.

O día de San Xoán _____
